



MEMORIA FUNCIONAL DA PROPOSTA DE MODIFICACIÓN PARCIAL DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

De conformidade coas guías e as instrucións da Dirección Xeral da Función Pública para a tramitación das relacións de postos de traballo das consellerías da Xunta de Galicia, fórmulase esta modificación parcial da relación de postos de traballo da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación (en adiante, RPT).

A estrutura orgánica vixente viña establecida no Decreto 230/2020, do 23 de decembro (DOG, nº 5, do 11 de xaneiro) e a actual RPT é a reflectida nas seguintes normas:

a) Resolución de 6 de xullo de 2018 polo que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia de 5 de xullo de 2018 polo que se aproba a relación de postos de traballo da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

b) Resolución do 8 de novembro de 2019 pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 7 de novembro de 2019 polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo da Consellería de Economía, Emprego e Industria e da Axencia Galega de Innovación.

c) Resolución do 5 de marzo de 2021 pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 4 de marzo de 2021 polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación

d) Resolución do 14 febreiro de 2022 pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 10 de febreiro de 2022, polo que se aproba a





modificación da relación de postos de traballo da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación

Non obstante, con data 4 de xullo de 2022 publícase no DOG o Decreto 116/2022, do 23 de xuño, polo que se aproba a estrutura orgánica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación.

A presente proposta de modificación da RPT ten por obxecto adaptar a RPT da Vicepresidencia e Consellería **á nova estrutura** do órgano superior Secretaría Xeral de Industria establecida no Decreto 116/2022.

1. XUSTIFICACIÓN FUNCIONAL

O Decreto 116/2022 asume o novo esquema organizativo da consellería derivado do Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, consonte o cal se crea na Vicepresidencia e Consellería de Economía, Industria e Innovación un novo órgano con rango de secretaría xeral. Trátase da Secretaría Xeral de Industria.

No referido Decreto 116/2022 régulase a estrutura da Secretaría Xeral de Industria, que ademais de pola estrutura preexistente en materia de Administración Industrial, queda integrada por unha nova subdirección, a Subdirección Xeral de Proxectos, e por dous novos servizos dependentes de aquela, o Servizo de Implantación de Proxectos e o Servizo de Seguimento e Coordinación.

Na base do cambio organizativo está a necesidade de abordar decisivamente o impulso e coordinación da política industrial, co obxecto de contribuír decisivamente á implantación e consolidación do tecido industrial no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

O obxecto desta modificación parcial de RPT é procurar a rápida adaptación da RPT á nova estrutura, e posibilitar unha áxil e adecuada provisión dos novos postos previstos, co fin de apurar o efectivo desempeño das importantes funcións que o novo órgano ten encomendadas.





A referida urxencia desta modificación parcial non obvia a necesidade da modificación global da nova RPT, de maior alcance, e na que xa en paralelo se está a traballar.

En liña co exposto, a actual modificación parcial de RPT conleva os seguintes impactos:

a) Creación do posto de Secretaría da Secretaría Xeral de Industria:

CENTRO DE DESTINO:		SECRETARIA XERAL DE INDUSTRIA						
EI.C03.00.000.15770.001	SECRETARIO/A XERAL DO/A SECRETARIO/A XERAL	18	7.201,18	LD	C1-C2	A1	A11	640
Posto novo								

A creación deste posto vai intrinsecamente asociada á creación do órgano superior.

b) Creación dunha nova subdirección coa seguinte nova estrutura de dous servizos:

CENTRO DE DESTINO:		SUBDIRECCIÓN XERAL DE PROXECTOS						
EI.C03.00.001.15770.001	SUBDIRECTOR/A XERAL DE PROXECTOS	30	23.486,68	LD	A1	A3	A11	640
Posto novo								
EI.C03.00.001.15770.010	XEFATURA SERVIZO DE IMPLANTACIÓN DE PROXECTOS	28	17.849,30	CE	A1-A2	A3	A12	640
Posto novo								
EI.C03.00.001.15770.020	XEFATURA SERVIZO DE SEGUIMENTO E COORDINACIÓN	28	17.849,30	CE	A1-A2	A1	AXG	
Posto novo								

Estas creacións son polo tanto reflexo do xa no Decreto 116/2022, e son necesarias para adaptar a RPT ás actuais competencias e estrutura da Vicepresidencia e Consellería.

c) Cambio de dependencia funcional da Subdirección de Administración Industrial e dos dous servizos dependentes, que pasan a integrarse na Secretaría Xeral de Industria

CENTRO DE DESTINO:		SUBDIRECCIÓN XERAL DE ADMINISTRACIÓN INDUSTRIAL						
EI.C03.00.002.15770.001	SUBDIRECTOR/A XERAL DE ADMINISTRACIÓN INDUSTRIAL	30	23.486,68	LD	A1	A1 / ESE3 / ESE4	A11	640
EI.301.00.003.15770.001								
EI.C03.00.002.15770.010	XEFATURA SERVIZO DE ADMINISTRACIÓN INDUSTRIAL	28	17.849,30	CE	A1-A2	A1 / EME2 / ESE3	AXG	
EI.301.00.003.15770.010								





El.C03.00.002.15770.020	XEFATURA SERVIZO DE METROLOXÍA E SEGURIDADE INDUSTRIAL	28	17.849,30	CE	A1- A2	ESE3 / ESE4 / EME2 / EME5	AXG
El.301.00.003.15770.030							

Estas modificacións son polo tanto reflexo do xa recollido Decreto 116/2022 e son necesarias para adaptar a RPT ás actuais competencias e estrutura da Vicepresidencia e Consellería.

d) Cambio de denominación dos anteriores servizos territoriais de Administración Industrial, que pasan a denominarse Servizos de Industria

CENTRO DE DESTINO: XEFATURA TERRITORIAL DA CORUÑA

El.C99.10.000.15001.230	XEFATURA SERVIZO DE INDUSTRIA	28	17.849,30	CE	A1-A2	A1 / EME2 / EME5 / ESE3 / ESE4	AXG
El.C99.10.000.15001.230	XEFATURA SERVIZO ADMINISTRACIÓN INDUSTRIAL						

CENTRO DE DESTINO: XEFATURA TERRITORIAL DE LUGO

El.C99.10.000.27001.180	XEFATURA SERVIZO DE INDUSTRIA	28	17.849,30	CE	A1-A2	A1 / EME2 / EME5 / ESE3 / ESE4	AXG
El.C99.10.000.27001.180	XEFATURA SERVIZO ADMINISTRACIÓN INDUSTRIAL						

CENTRO DE DESTINO: XEFATURA TERRITORIAL DE OURENSE

El.C99.10.000.32001.140	XEFATURA SERVIZO DE INDUSTRIA	28	17.849,30	CE	A1-A2	A1 / EME2 / EME5 / ESE3 / ESE4	AXG
El.C99.10.000.32001.140	XEFATURA SERVIZO ADMINISTRACIÓN INDUSTRIAL						

CENTRO DE DESTINO: XEFATURA TERRITORIAL DE PONTEVEDRA

El.C99.10.000.36001.070	XEFATURA SERVIZO DE INDUSTRIA	28	17.849,30	CE	A1-A2	A1 / EME2 / / EME5 / / ESE3 / / ESE4	AXG
El.C99.10.000.36001.070	XEFATURA SERVIZO ADMINISTRACIÓN INDUSTRIAL						

Estas modificacións son polo tanto reflexo do xa recollido Decreto 116/2022 e son necesarias para adaptar a RPT ás actuais competencias e estrutura da Vicepresidencia e Consellería.





1.1. Creacións

Secretaría da Secretaría Xeral de Industria

Código	Denominación	Niv.	Comp. Espec..	Form. Prov.	Subgr.	Corpo/ escala	Adscr. Adm. P.	Formac. Espec.
EI.C03.00.000.15770.001	SECRETARIO/A XERAL DO/A SECRETARIO/A XERAL	18	7.201,18	LD	C1-C2	A1	A11	640

A creación deste posto vai intrinsecamente asociada á creación da Secretaría Xeral de Industria mediante o referido Decreto 73/2022, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia.

O seu tipo de adscrición é A11 (adscrición indistinta a persoal funcionario da Xunta de Galicia, Estado e Comunidades Autónomas).

A forma de provisión polo sistema de libre designación queda xustificada por aplicación do artigo 92.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, no que se establece: "Soamente se poden prover polo procedemento de libre designación con convocatoria pública entre persoal funcionario de carreira as vicesecretarías xerais, as subdireccións xerais ou equivalentes, **as secretarías de altos cargos**, e, excepcionalmente aqueles outros postos de traballo de especial responsabilidade ou cualificación profesional que se determinen nas relacións de postos de traballo".

Subdirección Xeral de Proxectos

Código	Denominación	Niv.	Comp. Espec..	Form. Prov.	Subgr.	Corpo/ escala	Adscr. Adm. P.	Formac. Espec.
EI.C03.00.001.15770.001	SUBDIRECTOR/A XERAL DE PROXECTOS	30	23.486,68	LD	A1	A3	A11	640

Este posto créase no Decreto de estrutura orgánica 116/2022.





A persoa titular deste posto, baixo a inmediata dependencia xerárquica da persoa titular da Secretaría Xeral de Industria, exercerá as funcións de planificación, impulso e tramitación dos procedementos previstos pola normativa autonómica para favorecer a implantación de iniciativas empresariais e industriais.

Este posto ten nivel 30, ábrese ao subgrupo A1 da Administración **Xeral e Especial**, a súa forma de provisión é por Libre Designación, e o seu tipo de adscrición é A11 (adscrición indistinta a persoal funcionario da Xunta de Galicia, Estado e Comunidades Autónomas).

Resulta patente a vinculación especial desta Consellería con escalas de Administración Especial. Así mesmo, as peculiares funcións desta Subdirección ligadas ao impulso de proxectos empresariais e industriais, e os precedentes constatados noutras consellerías, fan recomendable abrir esta unidade administrativa a administración especial, ademais de a xeral.

A forma de provisión polo sistema de libre designación queda xustificada por aplicación do artigo 92.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, no que se establece: "Soamente se poden prover polo procedemento de libre designación con convocatoria pública entre persoal funcionario de carreira as vicesecretarías xerais, **as subdireccións xerais** ou equivalentes, as secretarías de altos cargos, e, excepcionalmente aqueles outros postos de traballo de especial responsabilidade ou cualificación profesional que se determinen nas relacións de postos de traballo". Así mesmo queda xustificada pola especial responsabilidade do posto e os precedentes constatados en tódalas Consellerías da Xunta de Galicia.

Dependentes desta subdirección créanse os dous servizos que se detallan a continuación.

Servizo de Implantación de Proxectos

Código	Denominación	Niv.	Comp. Espec..	Form. Prov.	Subgr.	Corpo/escala	Adscr. Adm. P.	Formac. Espec.
EI.C03.00.001.15770.010	XEFATURA SERVIZO DE IMPLANTACIÓN DE PROXECTOS	28	17.849,30	CE	A1-A2	A3	A12	640

Este posto créase no Decreto de estrutura orgánica 116/2022.





A persoa titular deste posto, baixo a inmediata dependencia xerárquica da persoa titular da Subdirección Xeral de Proxectos, exercerá fundamentalmente as funcións de impulso e tramitación dos procedementos para a declaración como proxecto industrial estratéxico, proxecto de interese autonómico, proxecto tractor ou calesquera outra declaración vinculada ao impulso económico e industrial, así como de impulso e tramitación dos procedementos de aprobación da implantación de proxectos industriais estratéxicos, proxectos de interese autonómico, proxectos tractores e outros proxectos industriais de competencia da Vicepresidencia e Consellería.

Este posto ten nivel 28, ábrese ao subgrupo A1 e A2 da Administración xeral/especial, a súa forma de provisión é por Concurso Específico, e o seu tipo de adscrición é A12 (adscrición indistinta a persoal funcionario da Xunta de Galicia, Estado, Comunidades Autónomas e Administración Local).

Ademais de á administración xeral, este posto ábrese á administración especial pola implicación técnica da tramitación e dos proxectos empresariais e industriais.

A apertura a funcionarios da Administración Local ven motivada polas funcións que ten atribuídas, e que abranguen a tramitación de proxectos empresariais e industriais con implantación no territorio e con directa afectación sobre diversas administracións públicas, con especial incidencia sobre as locais. Neste sentido pode resultar especialmente interesante que este servizo controle os procedementos de licenza e en xeral de permisos municipais.

Servizo de Seguimento e Coordinación

Código	Denominación	Niv .	Comp. Espec..	Form . Prov.	Subgr .	Corpo / escala	Adscr . Adm. P.	Formac . Espec.
EL.C03.00.001.15770.020	XEFATURA SERVICIO DE SEGUIMIENTO E COORDINACIÓN	28	17.849,30	CE	A1-A2	A1	AXG	

Este posto créase no Decreto de estrutura orgánica 116/2022.





A persoa titular deste posto, baixo a inmediata dependencia xerárquica da persoa titular da Subdirección Xeral de Proxectos, exercerá esencialmente funcións de seguimento de todos os anteriores proxectos, así como de análise e informe sobre plans e programas que afecten á actividade industrial, e sobre a evolución e o impacto da industria e da política industrial.

Este posto ten nivel 28, ábrese ao subgrupo A1 e A2 da Administración xeral, a súa forma de provisión é por Concurso Específico, e o seu tipo de adscrición é AXG (adscrición exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia).

1.2. Modificacións

Subdirección Xeral de Administración Industrial, Servizo de Administración industrial e Servizo de Metroloxía e Seguridade Industrial

Código	Denominación	Niv.	Comp. Espec..	Form. Prov.	Subgr.	Corpo / escala	Adscr. Adm. P.	Formac. Espec.
El.C03.00.002.15770.001	SUBDIRECTOR/A XERAL DE ADMINISTRACIÓN INDUSTRIAL	30	23.486,68	LD	A1	A1 / ESE3 / ESE4	A11	640
El.C03.00.002.15770.010	XEFATURA SERVIZO DE ADMINISTRACIÓN INDUSTRIAL	28	17.849,30	CE	A1-A2	A1 / EME2 / ESE3	AXG	
El.C03.00.002.15770.020	XEFATURA SERVIZO DE METROLOXÍA E SEGURIDADE INDUSTRIAL	28	17.849,30	CE	A1-A2	ESE3 / ESE4 / EME2 / EME5	AXG	

Esta modificación parcial de RPT inclúe a modificación en RPT da dependencia funcional da preexistente Subdirección de Administración Industrial e dos seus dous servizos dependentes, que pasan a integrarse na Secretaría Xeral de industria. Con esta modificación visibilízase de forma clara como queda configurada a nova Secretaría Xeral de Industria.

Servizos de Industria, das Xefaturas Territoriais

Esta modificación parcial de RPT implica tamén o cambio de denominación dos anteriores servizos de Administración Industrial existentes nas xefaturas





territoriais, que en concordancia co novo órgano superior Secretaría Xeral de Industria, pasan a denominarse servizos de Industria.

Código	Denominación	Niv.	Comp. Espec..	Form. Prov.	Subgr.	Corpo/escala	Adscr. Adm. P.	Formac. Espec.
EL.C99.10.000.15001.230	XEFATURA SERVIZO DE INDUSTRIA	28	17.849,30	CE	A1-A2	A1/ EME2 / EME5 / ESE3 / ESE4	AXG	
EL.C99.10.000.27001.180	XEFATURA SERVIZO DE INDUSTRIA	28	17.849,30	CE	A1-A2	A1/ EME2 / EME5 / ESE3 / ESE4	AXG	
EL.C99.10.000.32001.140	XEFATURA SERVIZO DE INDUSTRIA	28	17.849,30	CE	A1-A2	A1/ EME2 / EME5 / ESE3 / ESE4	AXG	
EL.C99.10.000.36001.070	XEFATURA SERVIZO DE INDUSTRIA	28	17.849,30	CE	A1-A2	A1/ EME2 / EME5 / ESE3 / ESE4	AXG	

1.3. Amortizacións

Esta modificación parcial de RPT non conleva amortización de postos e se limita a reflectir a nova estrutura xa aprobada nos Decretos 73/2022 e no Decreto de estrutura 116/2022.

2. ESTUDO ECONÓMICO

Segundo se detalla na memoria económica, a creación en RPT dos novos postos deriva do Decreto 73/2022 e do Decreto de estrutura 116/2022, e non supón incremento de custo no capítulo I do orzamento de gasto da Administración Autonómica e do seu sector público.

Santiago de Compostela, asinado dixitalmente na data sinalada á marxe

O secretario xeral técnico

Pablo Casal Espido

